

SEGUNDA XUNTANZA DE AULA CURSO 2019/20

AULA 5 (ROLLING STONES)

1. PRESENTACIÓN. Ola a todos/as, graciñas por vir. Esta xuntanza servirá para facer unha valoración do xa vivido ata agora e do que nos queda por vivir ata o final do curso, así como para aclarar posibles dúbidas ou preguntas que queredes facer.

Tamén agradecervos toda a colaboración que me prestáchedes ata agora.

2. MOMENTO EVOLUTIVO.

A NIVEL DE LINGUAXE. Comezamos en xeral a dicir as nosas primeiras palabras, polo que favoreceremos a linguaxe a través de:

- Falarlles correctamente.
- Provocar as palabras (os xestos non os entendemos)
- Repetir as palabras vocalizando moito.
- Deixar que nos falen.
- Repetir (sen insistir) as palabras correctas.
- Empregar un linguaxe positiva.
- Ver con eles moitas contos.

A NIVEL DE SOCIALIZACIÓN. Comezamos en xeral a coñecer ós amigos, a acercarnos ós outros e tamén os **CONFLICTOS** (por xoguetes, por probar respostas nos amigos, como xogo ou simplemente por chamar a atención...) intentaremos que a resolución do conflito sexa dialógante, dando modelos positivos e **PACIENCIA**....tamén vixiar as uñas dos nenos e nenas

A NIVEL DE MOTRICIDADE. Están nun momento de experimentación de as súas posibilidades, insistindo se non conseguen o que queren pero co perigo de non coñecer ben os seus límites.

A NIVEL DE AUTONOMÍAS. En xeral, comezaran a querer facer as cousas eles sos, polo que na medida do posible deberemos deixalos e comezar a fomentar as autonomías (no xantar, lavar as mans, recoller...). Na aula xa comenzamos a recoller os xoguetes todos xuntos, a poñer o mandilón, a lavar as mans...

3. DINÁMICAS DE AULA. As dinámicas de aula están xa establecidas:

- ENTRADA (recibimento e xogo libre).
- ALFOMBRA (vemos as fotos e repasamos os nomes, tamén vemos un conto ou algunha sorpresa relacionada ca programación que estamos traballando).
- INGLÉS (luns, mércores e venres)
- ALMORZO (Lembrade anotarvos todos de vez en cando)
- XOGO LIBRE E CAMBIO DE CUEIROS.
- ACTIVIDADE (despois recolleemos todos xuntos).
- PATIO (Pelotas Aros, Construcións, xogos ..e os venres Pichirilos)
- ALFOMBRA (contamos un conto, sorpresas, cantamos..).
- DESPEDIDA E NOS PREPARAMOS PARA COMER.(poñer mandilón, lavar mans...)

VER FOTOS

4. O CURSO A PARTIR DE AGORA. AGORA estamos a traballar A GRANXA e despois traballaremos O ENTROIDO, OS SENTIDOS, O CORPO ,OS CONTOS, e remataremos o curso coa AUGA.

Co centro de interese dos Contos imos ter una saída á biblioteca do Forum polo que eses día necesitaremos sete pais o nais para acompañarnos e poder facer esta saída. A data será o 20 de Maio.

AVISOS:

- As cintas nos mandilóns e nos abrigos
- A roupa co nome.
- Ler o recanto de pais e nais.,
- Ler o panel de notas.
- Mirar os sobres de cada un.
- Entregar as circulares na data que corresponde.
- As titorías.
- Control de esfínteres. (iniciaremos no proceso en aqueles nenos que poidan estar preparados sempre que vosoutros estes tamén dispostos a traballar na casa)

4. A FESTA DO ENTROIDO E para rematar falaremos da Festa do Entroido, de cómo vai ser a festa, os disfraces.....

A festa xirará en torno a temática deste curso "O SON DE ARELA ..." e cada aula irá disfrazada do seu nome. Nós iremos de Rolling Stones. Para ese día precisan vir acompañados á festa, o acompañante tamén pode vir disfrazado (non é obrigatorio pero si aconsellable) porque se queremos que a festa teña un sentido para eles, todos deberemos formar parte dela.

SEMANA "O ROCKERO DI...": o luns 10 de Febreiro aparecerá o rockero dando as instrucións de como temos que vir vestidos ó día seguinte e así o martes, o mércores e o xoves. Este disfraz será acumulativo (o primeiro día martes calcetíns diferentes por fóra do pantalón o mércores sumarémolo una paxariña e o xoves ademais do anterior pintarémolos un bigote e o venres día (14) vimos en PIXAMA.

DISFRAZ LIBRE: o martes 18 de Febreiro viremos disfrazados da casa do que queiramos.

MATERIAL PARA O DISFRAZ:

- Este ano o disfrace vai ser moi fácil, deberedes traer unha camiseta branca para pegar nela o logotipo dos Rolling (a lingua) e un pantalón vaqueiro. Despois poderedes traer cada un os complementos que queirades gafas de sol, guitarras, micrófonos, baquetas, cinta no pelo, perrucas... ou calquera outra cousas (os complementos serán pola vosa conta)

DECORACIÓN: Necesitamos que traiades SILUETAS DO NENO e si queredes tamén DE TODA A FAMILIA, a silueta será de cintura para arriba de tamaño real.

ACTUACIÓN DE PAIS: o día da festa haberá unha actuación dos pais e pode participar quen queira. A primeira xuntanza para os interesados en participar na actuación será o 23 de Xaneiro as 17:30 e as persoas encargadas serán Alejandra Luís e Iria.

CALENDARIO DE ENTROIDO:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10 <u>SEMANA</u> Aparece o Rockero	11 <u>"O</u> Calcetíns diferentes por fóra do pantalón	12 <u>ROCKERO</u> Calcetíns diferentes por fóra do pantalón +Paxariña	13 <u>DI..."</u> Calcetíns diferentes por fóra do pantalón +Paxariña +Bigote	14 VIMOS EN PIXAMA
17	18 DISFRAZ LIBRE	19	20	21 FESTA ENTROIDO